

Metafraseoloxía no ámbito croata¹

Metaphraseology in Croatian

Alejandro Martínez Vicente

Sveučilište u Zadru (Croacia)

<https://orcid.org/0000-0003-3222-8352>

amartinez@unizd.hr

Ivana Lončar

Sveučilište u Zadru (Croacia)

<https://orcid.org/0000-0002-5661-8331>

iloncar@unizd.hr

Resumo: O obxectivo da presente contribución é ofrecer un breve panorama da terminoloxía fraseolóxica en croata. Partindo da historia das investigacións fraseolóxicas en Croacia, os autores intentan reunir os principais termos que se refiren tanto ás disciplinas como as súas unidades de estudo. Ademais, extráense e recompílanse ditos termos de diversas fontes e establécense equivalencias terminolóxicas entre croata, español e galego. As discrepancias que se atopan entre estes idiomas por unha parte son debidas ás distintas tradicións nas que se apoian os estudos fraseolóxicos, así como ós distintos camiños que toman as investigacións e, por outra, a diferenzas tipolóxicas entre as linguas románicas e eslavas que impiden a formación de certos compostos. Ó final do artigo, en forma de apéndice, inclúense tres glosarios, cada un cunha das tres linguas como idioma de partida: croata-galego-español, español-galego-croata e galego-español-croata, o primeiro destes consta de 40 termos e os dous restantes teñen un total de 54 e 52 respectivamente.

Palabras clave: metafraseoloxía, fraseoloxía, paremioloxía, terminoloxía fraseolóxica, croata.

Abstract: *The aim of the present contribution is to provide a brief overview of phraseological terminology in Croatian. Starting from the history of phraseological research in Croatia, the authors attempt to gather the main terms referring both to the disciplines and to their units of study. In addition, these terms are extracted and compiled from various sources and terminological equivalences are established between Croatian, Spanish and Galician. The discrepancies found between these languages are due,*

¹ Data de recepción: 24.10.2023. Data de aceptación: 31.03.2024

Tradución feita por Andrea Ucha Bouzada.

on the one hand, to the different traditions on which phraseological studies are based, as well as to the different paths taken in research and, on the other hand, to typological differences between Romance and Slavic languages that prevent the formation of certain compounds. At the end of the article, in the form of an appendix, three glossaries are included, each one with one of the three languages as a starting language: Croatian-Galician-Spanish, Spanish-Galician-Croatian and Galician-Spanish-Croatian, the first one consisting of 40 terms and the other two of 54 and 52 terms respectively.

Keywords: *phraseology, paremiology, metaphraseology, phraseological terminology, Croatian.*

1. Introducción

O presente traballo pretende amosar o panorama da terminoloxía fraseolóxica croata, incluíndo tanto as subdisciplinas que abrangue, como as unidades que son obxecto de estudo destas. Os termos das disciplinas fraseolóxicas que aquí se inclúen extraeranse, inicialmente, do traballo realizado para a iniciativa *METAFRAS* dentro do *Proxecto de Fraseoloxía Galega* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. No que concirne ás unidades que ditas disciplinas estudan, tomarase como referencia principal o traballo de Pamies Bertrán *La fraseología a través de su terminología* (2019). Ademais, para recoller os termos croatas utilizarase, esencialmente, a base terminolóxica *STRUNA* do *Institut za hrvatski jezik i jezikoslovlje*.

Os termos recompilados agruparanse cos seus equivalentes entre galego, español e croata. Deste modo, poderanse contrastar os panoramas ofrecidos nestas linguas e analizar as semellanzas e diverxencias que se atopen. Ademais, tamén se recorrerá a outras fontes de consulta adicionais para completar a recompilación de termos, as cales serán citadas na súa sección correspondente.

Ademais do antes exposto, vaise ofrecer un breve repaso pola historia da fraseoloxía croata e engadirase, cando fose preciso, as diferentes perspectivas ou marcos teóricos que son necesarios ou relevantes para achegarse a determinados termos cos que aquí se traballan.

Finalmente, e tras o apartado de conclusións, inclúese un apéndice que ofrece tres glosarios, un para cada unha das tres linguas arriba mencionadas, onde se amosan os equivalentes que se estableceron para os termos recollidos para cada idioma. Así, engádese un glosario croata-galego-español, un español-galego-croata e outro galego-español-croata. Os traballos orixinais en lingua croata cítanse en croata e entre corchetes ofrécense as traducións ao español.

1.1. Breve historia das disciplinas

Os primeiros traballos fraseolóxicos en Croacia datan dos anos 80 do século XX, baixo a influencia da escola fraseolóxica rusa e os fraseólogos Vinogradov, Šaxmatov, Isačenko e Mokienko, entre outros (Suárez Cuadros 2017) da que se adopta non só a terminoloxía, senón tamén a metodoloxía da investigación, maioritariamente contrastiva. Polo tanto, as primeiras investigacións fraseolóxicas son de indole contrastiva, principalmente en forma

de recursos fraseográficos. No seo do proxecto *Kontrastivno proučavanje hrvatskog jezika prema stranim jezicima* [Investigación contrastiva da lingua croata e das linguas estranxeiras] da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Zagreb dirixido por Antica Menac, aparecen as primeiras fontes lexicográficas chamadas «pequenos dicionarios fraseolóxicos». Ditos dicionarios unidireccionais, co croata como a lingua de partida, constaban dunhas 1200 unidades fraseolóxicas mais os seus equivalentes en varias linguas. Ata o ano 1994 viron a luz 10 tomos, sendo o primeiro deles o *Rusko-hrvatski ili srpski frazeološki rječnik* [Dicionario fraseolóxico serbocroata-ruso] en dous tomos, publicado en 1979 e reeditado en 1993 (Lončar 2016).

Non obstante, xa en 1969, no *Diccionario de termos lingüísticos* aparece a definición do termo *fraseoloxía* (cro. *frazeologija*) definido con dúas acepcións, tal e como segue «1. disciplina que versa sobre os ditos especiais dunha lingua; 2. selección e orde de palabras», así como as definicións de termos sinónimos, *frazem*, ‘frasema’, *frazeologizam*, ‘fraseoloxismo’ e *frazeološka jedinica*, ‘unidade fraseolóxica’: «conxunto de palabras cuxo monolitismo semántico supera a división estrutural dos seus compoñentes» (Simeon 1969 I: 374). A mesma fonte rexistra tamén a definición de *paremioloxía* (cro. *paremiologija*), sen vinculala coa fraseoloxía e remarcando o seu valor folclórico: «Estudo e interpretación de refráns, especialmente no que expresan o espírito e os costumes dun pobo» (Simeon 1969 II: 22). Dita exclusión da paremioloxía das investigacións fraseolóxicas segue vixente ata a actualidade, o que se analizará nos capítulos posteriores.

1.1.1. Principais proxectos fraseográficos croatas

Neste apartado presentaranse, brevemente, os principais recursos fraseográficos croatas monolingües, así como un dicionario multilingüe que ten ó castelán como unha das linguas meta, entre outros.

O primeiro dicionario fraseolóxico monolingüe do croata, titulado *Frazeološki rječnik hrvatskoga ili srpskog jezika* [Dicionario fraseolóxico de serbocroata], ve a luz en 1982, como resultado dun proxecto do Instituto de Filoloxía Eslava da Universidade de Mannheim e a Cátedra de Lingua Croata do Departamento de Filoloxía Croata. O produto da chamada escola fraseolóxica de Mannheim, inclúe unhas 12 000 unidades fraseolóxicas, acompañadas de exemplos de uso extraídos de obras de fraseoloxía croata. O seu autor, Matešić, tamén foi coautor do *Diccionario fraseolóxico croata-alemán* (1988), que contén máis de 18 000 unidades fraseolóxicas cos seus equivalentes en alemán, e coordinador do *Russisch-Deutsches Phraseologisches Wörterbuch* [Dicionario fraseolóxico ruso-alemán] (1999).

Tras o proceso de independencia do país, o cambio na nomenclatura da lingua e uns certos axustes da norma que se sitúan maioritariamente ao nivel léxico, publícase en 2003 o primeiro dicionario monolingüe titulado *Hrvatski frazeološki rječnik* [Dicionario fraseolóxico croata] (2003, ampliado en 2014) e elaborado por Menac, Fink-Arsovski

e Venturin. A primeira edición contaba con 2258 unidades fraseolóxicas acompañadas de exemplos de uso extraídos de textos de literatura en croata posteriores á Segunda Guerra Mundial. A segunda edición, publicada en 2014 rexistra máis de 4000 unidades fraseolóxicas e amplía os exemplos de uso á prensa e a recursos dixitais.

En 2022, dentro do proxecto *Frazeološki rječnik hrvatskoga jezika* [Dicionario fraseolóxico croata dixital], na plataforma lexicográfica *Lexonomy sae o Frazeološki rječnik hrvatskoga jezika* [Dicionario fraseolóxico da lingua croata], que consta de 513 unidades fraseolóxicas de uso frecuente na fala contemporánea. O principal criterio de inclusión das unidades fraseolóxicas no dicionario foi o das frecuencias no corpus hrWac. Os exemplos de uso dos fraseoloxismos tamén proceden deste corpus.

Así mesmo, cabe destacar os proxectos da escola fraseolóxica de Zagreb, o *Hrvatsko-slavenski rječnik poredbenih frazema* [Dicionario croata-eslavo de comparacións estereotipadas] (Fink-Arsovski 2006), o *Hrvatsko-romansko-germanski rječnik poredbenih frazema* [Dicionario croata-xermánico-románico de comparacións estereotipadas] (Fink-Arsovski 2016) e o *Rječnik hrvatskih animalističkih frazema* [Dicionario de fraseoloxismos zoomórficos croatas] (Vidović Bolt 2017).

2. A fraseoloxía e as súas subdisciplinas

Neste apartado, analizaremos os termos croatas da disciplina da fraseoloxía (tanto no senso amplo coma no senso estreito) mais as súas subdisciplinas: fraseografía, fraseodidáctica e fraseotradución. Así mesmo, analizaranse os termos da disciplina paremiolóxica, tamén coas súas respectivas subdisciplinas.

2.1. Fraseoloxía

Matešić, da Universidade de Mannheim, e Antica Menac da escola fraseolóxica de Zagreb considéranse os fundadores da fraseoloxía croata. Menac, na súa obra *Hrvatska frazeologija* [Fraseoloxía croata] de 2007, ofrece a seguinte definición de *fraseoloxía*: «disciplina lingüística que se ocupa dos fraseoloxismos, é dicir, das relacións fixas de palabras nas que un ou varios compoñentes perderon o seu significado principal». Igual que en castelán e galego, a palabra *frazeologija*, tamén se utiliza para o conxunto de fraseoloxismos dunha lingua e tal acepción tamén está incluída nos dicionarios monolingües como en Jozić, Ž., Hudeček, L., Mihaljević, M. (2012),² así como na base terminolóxica da lingua croata *STRUNA*:³ «Rama da lingüística que estuda os fraseoloxismos, a súa estrutura, significado, etimoloxía e motivación». Xunto a esta, *STRUNA* rexistra dous termos máis: *šira frazeologija* [fraseoloxía ampla] ‘fraseoloxía en sentido amplo’ (Táboa 1) e *uža frazeologija* [fraseoloxía estreita] ‘fraseoloxía en sentido estreito’ (Táboa 2).

² cfr. <https://rjecnik.hr/search.php?q=frazeologija>

³ <http://struna.ihjj.hr/en/naziv/frazeologija/53606/#naziv>

Táboa 1. *Šira frazeologija*⁴

ŠIRA FRAZELOGIJA [fraseoloxía ampla]

DEFINICIÓ: Combinacións fixas de palabras que non sufriron desemantización e que se caracterizan só pola súa fixación, estrutura firme e significado completo.

SINÓNIMOS: Termo aceptado: FRAZELOGIJA U ŠIREMU SMISLU ‘fraseoloxía en sentido amplo’.

EQUIVALENTES: Inglés: *phraseology in the broad sense*. Alemán: *Phraseologismen im weiteren Sinne*. Francés: *phraseologie au sens large*. Ruso: *фразеология в широком смысле*.

OBSERVACIÓNS: Nos anos setenta e oitenta do s. XX, mentres se formaba a fraseoloxía como unha rama da lingüística, dentro do campo da lexicoloxía, o seu obxecto de estudo foron distintos tipos de unidades pluriverbais fixas —termos, nomes propios, colocacións, predicados descompostos, frases, paráfrases, p. ex. *crna burza* (‘mercado negro’), *poljski miš* ([rato listado] ‘rato de campo’), *morski pas* ([can mariño] ‘tiburón, quenlla’), *jaje na oko* ([ovo ó ollo] ‘ovo frito’), *bijela kava* ([café branco] ‘café manchado’), *Veliki petak* ([Gran Venres] ‘Venres Santo’), *doći/dolaziti do zaključka* (‘chegar a unha conclusión’), *donijeti/donositi odluku* (‘tomar unha decisión’), *uzeti/uzimati u obzir* (‘ter en consideración’), *ljepši spol* (‘sexo fermoso’). Ditas unidades xa non son obxecto de investigacións fraseolóxicas.

Dos exemplos das unidades que xa non se estudan na fraseoloxía croata pódese notar que como unidades fraseolóxicas non se consideran os compostos fraseolóxicos nin as colocacións, do que se falará máis adiante.

Táboa 2. *Uža frazeologija*⁵

UŽA FRAZELOGIJA [fraseoloxía estreita]

DEFINICIÓ: Combinacións fixas de palabras que sufriron desemantización e que se caracterizan por fixación, estrutura firme e significado completo, así como pola súa metafóricidade, expresividade e significado connotativo.

SINÓNIMOS: Termo aceptado: FRAZELOGIJA U UŽEMU SMISLU ‘fraseoloxía en sentido estreito’.

EQUIVALENTES: Inglés: *phraseology in the narrow sense*. Alemán: *Phraseologismen im engeren Sinne*. Francés: *phraseologie au sens étroit*. Ruso: *фразеология в узком смысле*.

OBSERVACIÓNS: A división na fraseoloxía en sentido estreito e a fraseoloxía en sentido amplo foi importante sobre todo no período no que a fraseoloxía como disciplina independente estíbese a formar e a buscar. No momento no que se separaron a paremioloxía e o estudo de citas como disciplinas independentes (polo cal do corpus fraseolóxico excluíronse os refráns, citas non sentenciosas [Inglés: *catchword, buzzword, slogan*. Alemán: *geflügeltes Wort, Schlagwort, Flügelwort*. Francés: *devise, parole ailée*. Ruso: *крылатые выражения, крылатые слова*] e máximas, que moitas veces se consideraban fraseoloxismos) e cando a fraseoloxía estableceu uns criterios máis firmes (polo cal do corpus fraseolóxico excluíronse distintas fórmulas lingüísticas descritivas analíticas, compostos, locucións preposicionais e termos compostos), o obxecto de estudo da fraseoloxía xa non se cuestiona.

⁴ <http://struna.ihjj.hr/en/naziv/sira-frazeologija/53613/>

⁵ <http://struna.ihjj.hr/en/naziv/uza-frazeologija/53612/>

No campo da fraseoloxía española, tamén se nota esa división, do que advirte Pamies Bertrán (2019: 116):

Os hispanistas, coma, p. ex., Mario García-Page, Inmaculada Penadés ou Leonor Ruiz Gurillo, limitano exclusivamente ás locucións (“fraseoloxía en senso estreito”), mentres que os especialistas en linguas estranxeiras, lingüística contrastiva ou tradutoloxía inclúen na fraseoloxía todas aquelas formas lingüísticas que cumpren as condicións utilizadas para definila (p. ex., Corpas Pastor, Sevilla Muñoz, Mellado Blanco, Blanco Escoda, Ortiz Álvarez, Pamies Bertrán). A chamada “fraseoloxía en senso amplo” abrangue categorías numerosas e heteroxéneas, tales como locución, colocación, proverbio, verbo sintagmático etc.. Esta segunda tendencia alíñase coa bibliografía internacional, desde os fundadores Bally e Vinogradov ata os líderes mundiais desta disciplina (p. ex., Mel’čuk, Čermák, Burger, Hausmann, Wotjak, Baranov e Dobrovol’skij), e é o sentido que lle dá a este termo a Sociedade Europea de Fraseoloxía (Europhras).

Así mesmo, dos exemplos citados na Táboa 2, pódese notar que a paremioloxía explicitamente exclúese da fraseoloxía. Comparando a amplitude da disciplina coa fraseoloxía española e galega e recordando as tres esferas da fraseoloxía establecidas por Corpas Pastor (1996), vese que a fraseoloxía croata considera como obxecto de estudo exclusivamente ás locucións. Tal e como indican Parizoska e Stanojević (2018: 615), as paremias non cumpren un dos criterios establecidos por Menac (1994), segundo o cal o fraseoloxismo é unha unidade inferior á oración que pode introducirse dentro da oración.

Como xa se dixo anteriormente, a maioría das investigacións fraseolóxicas en Croacia son de índole contrastiva. Fink (2002) define a fraseoloxía contrastiva como «subdisciplina da fraseoloxía que ten como obxectivo determinar e analizar as diferenzas e similitudes entre sistemas fraseolóxicos, xeralmente entre dúas ou máis linguas». No mesmo sentido, o termo utilízase noutros traballos (Macan 2019), variando entre *poredbena frazeologija* ‘fraseoloxía comparada’, que se usa maioritariamente, e *kontrastivna frazeologija* ‘fraseoloxía contrastiva’.

2.1.1. Fraseografía

A fraseografía, denominada *frazeografija* en croata, é considerada como unha subdisciplina fraseolóxica dedicada «ós problemas teóricos e prácticos que suscita a confección de dicionarios fraseolóxicos» (Tristá Pérez 1998: 297), así como á análise lexicográfica das unidades fraseolóxicas, carece dunha definición axeitada no ámbito da fraseoloxía croata. A base terminolóxica *STRUNA* aporta equivalentes do termo en inglés (*phraseography*), alemán (*Phraseographie*), francés (*phraséographie*) e ruso (*фразаография*), pero defínea como «rama da lingüística que dende o punto de vista lingüístico recompila, describe e interpreta fraseoloxismos dunha ou máis linguas», engadindo a seguinte observación: «o termo *fraseografía* tamén comprende a totalidade de obras fraseográficas dun pobo, dunha lingua etc.» (*STRUNA*, s.f., *frazeografija*). Hrnjak e Ribarova (2019), por outra parte, falan da fraseoloxía como a disciplina lingüística que se dedica a recoller fraseoloxismos e analizar recompilacións destes. Sobre o status dos fraseoloxismos nos dicionarios e os postulados da fraseografía escribe Filipović Petrović

(2018), no seu libro titulado *Cando se atopan a lexicografía e a fraseoloxía*, polo que sorprende que a base de terminoloxía croata entenda e iguale o termo *fraseografía* cunha das acepcións do termo *fraseoloxía*. Unha confusión terminolóxica parecida aparece nas definicións de *paremiografía* (v. apartado 2.2.1.).

2.1.2. Fraseodidáctica

González Rey (2012: 67–68) advirte que malia que a fraseodidáctica se define como «didáctica da fraseoloxía», cabe destacar:

Tres etapas na historia da súa constitución: a didáctica da fraseoloxía, representando a didáctica unha disciplina aplicada da lingüística, dedicada ao ensino-aprendizaxe de linguas e sendo a fraseoloxía o ámbito das expresións feitas dunha lingua; a didáctica da fraseoloxía, sendo a fraseoloxía unha disciplina lingüística e a didáctica un ámbito de aplicación; e a fraseodidáctica, unha rama da fraseoloxía aplicada como o é tamén a fraseografía.

No mesmo traballo, González Rey fai outra precisión:

A fraseodidáctica, pola contra, non só representa unha denominación, senón unha posición como fraseólogo fronte á didáctica da fraseoloxía. A fraseodidáctica consiste, certamente, na didáctica da fraseoloxía dunha lingua, pero tamén na didáctica dunha lingua a través da súa fraseoloxía (2012: 76).

Dentro dos estudos fraseolóxicos croatas, nos traballos de Vidović Bolt (2013), Barčot, e Milčić (2019), Hrnjak e Ribarova (2019), Vidović Bolt (2022) e outros, a fraseodidáctica utilízase co seguinte significado: parte da fraseoloxía aplicada que se dedica tanto á didáctica da fraseoloxía como á ensinanza de linguas a través da fraseoloxía. Este termo, traducido ó croata como *frazeadidaktika*, xeralmente adóitase indicar que foi acuñado polo lingüista alemán Peter Kühn en 1992. Dita denominación utilízase sobre todo nos traballos que versan sobre a ensinanza e aprendizaxe de linguas estranxeiras. Neste ámbito tamén é común o uso do adxectivo *frazeadidaktički* ‘fraseodidáctico’ como en, por exemplo, *frazeadidaktički pristup* ‘enfoque fraseodidáctico’.

A definición máis simple de *fraseoloxía* en castelán resumiuna Penadés Martínez (2012/2013), referíndose á definición lexicográfica ofrecida polo *Diccionario de la lengua española*: «a disciplina que estuda as unidades fraseolóxicas». A dita definición aparece como quinta acepción do termo no dicionario académico, mentres que no sentido do conxunto de fraseoloxismos se cita na primeira («Conxunto de modos de expresión peculiares dunha lingua, dun grupo, dunha época, actividade ou individuo») e na cuarta acepción («Conxunto de frases feitas, locucións figuradas, metáforas e comparacións fixadas, modismos e refráns, existentes nunha lingua, no uso individual ou no dalgún grupo»). Pamies Bertrán (2019: 116), por outra parte, ofrece unha definición que se parece máis ás definicións croatas enriba indicadas: «o conxunto de todas as unidades multilexemáticas que sofren algún tipo de fixación, e cuxo significado global non é necesariamente deducible do das súas partes».

2.1.3. Fraseoestilística

Segundo Barčot (2015), a fraseoestilística (cro. *frazeostilistika*) é un termo importado da fraseoloxía rusa e aparece definido como a «subdisciplina que estuda o uso metafórico de expresións que forman parte do léxico e formalmente superan o nivel de palabra, pero non o nivel de oración, destacando as propiedades estilísticas do fraseoloxismo e as súas posibilidades expresivas». Esta autora ademais especifica que a fraseoestilística presta especial atención ós cambios nos modismos no estilo xornalístico e literario, así como a outras innovacións fraseolóxicas semellantes incluída a contaminación fraseolóxica ou os erros no uso de frasemas.

2.1.4. Fraseotradución

A fraseotradución defínese como a «rama da fraseoloxía aplicada cuxo obxecto de estudo é a tradución da fraseoloxía» e utilízase como sinónimo do termo *fraseotradutoloxía* (PhraseoNet). Cando se fala dos estudos de tradución, na lingua croata utilízase o termo *traduktologija* ‘tradutoloxía’. Por outra banda, para a tradución como «interpretación que se lle dá a un texto», en croata utilízase o termo *prevođenje* (p. ex., *književno prevođenje* ‘tradución literaria’, *pravno prevođenje* ‘tradución xurídica’).

Porén, a lingua croata carece dun equivalente adecuado do termo *fraseotradución*. Fálase de *prevođenje frazema* «tradución de fraseoloximos» Vidović Bolt (2019), Rogošić (2022), pero non dunha subdisciplina tradutolóxica nin fraseolóxica.

2.2. A paremioloxía e as súas subdisciplinas

Tal e como se dixo anteriormente, a paremioloxía (cro. *paremiologija*) queda explicitamente excluída das investigacións fraseolóxicas croatas, dado que se considera que as unidades fraseolóxicas non superan o nivel de oración. Así mesmo, os estudos paremiolóxicos croatas carecen de valor lingüístico e dedícanse á recompilación e interpretación cultural das paremias, destacando que as paremias describen o carácter do pobo. A definición máis completa pódese atopar en Kekez (1990), quen afirma que a paremioloxía representa o «estudo de refráns; a disciplina científica que interpreta, investiga e trata todas as cuestións relacionadas coas paremias». A disciplina tamén queda excluída da base terminolóxica *STRUNA*, e raras definicións lexicográficas testemuñan o seu carácter folclórico: «disciplina que se dedica ó estudo e interpretación de refráns (especialmente tendo en conta a mentalidade das capas sociais nas que habitan)» (Znanje e Srca, s.f., *paremiologija*). Polo tanto, a maioría dos traballos paremiolóxicos constan de estudos folclóricos acompañados por listaxes de paremias (refraneiros), clasificados por temática, pero sen información adicional sobre o significado, uso, valor pragmático etc. (cfr. Čubelić 1957, 1975, 1988; Kekez 1990, Botica 2007, entre outros).

2.2.1. Paremiografía

As definicións de *paremiografía* (cro. *paremiografija*) nas fontes croatas indican o carácter da subdisciplina: «refraneiro, colección de refráns» (Simeon 1969 II: 22), «acción de apuntar e editar os refráns» (Kekez 1990) ou «acción de apuntar os refráns» (Dragić 2015). Por outra parte, parafraseando a definición de Tristá Pérez (1998: 297), enténdese a paremiografía como a subdisciplina paremiolóxica que se dedica «ós problemas teóricos e prácticos que suscita a confección de dicionarios paremiolóxicos», pódese dicir que a paremiografía croata non foi máis alá da recompilación de refráns, moitas veces elaboradas por entusiastas de refráns e de costumes populares. Ditos refraneiros a veces son de carácter xeral (Botica 2007, Filipčić 2009, Sikirica 2009) a veces dun campo específico, como proverbios bíblicos (Mikić e Suzanić 1994), refráns sobre a saúde (Rajić 1995) ou dalgunha rexión (Jakšić 2016, Ilić Oriovčanin 1846 [1997]). Entre eles destacan dúas coleccións de refraneiros meteorolóxicos (Čelan Gaganić 2007 e Sijerković 1996), sendo este último un famoso meteorólogo que acompañaba os partes meteorolóxicos televisivos con refráns meteorolóxicos populares. Dentro destes refraneiros destaca o *Kontrastivni rječnik poslovice* [Dicionario contrastivo de refráns] de Mikić e Škara (1992), que ofrece paremias croatas cos seus equivalentes en latín, inglés, alemán, italiano e francés. Os autores tamén traen definicións de unidades paremiolóxicas, do que se falará no apartado 3.3.

2.2.2. Paremioididáctica

Parafraseando a definición de *fraseodidáctica* ofrecida por González Rey⁶, poderíamos dicir que a paremioididáctica é «a didáctica da paremioloxía dunha lingua, pero tamén a didáctica dunha lingua a través da súa paremioloxía».

Nos poucos traballos paremioididáticos, tanto os dedicados ó croata como lingua estranxeira como os que estudan a ensinanza de refráns noutras linguas, non se utiliza o termo *paremioididáctica* (Mikić 1987, Mikulić 1991, Kos 2003, Visinko 2018, Miletić 2018, entre outros). O termo tampouco aparece nas buscas en corpus referentes, nin sequera nos corpus de webs. Con todo, a pesar de que as unidades paremiolóxicas quedan fóra do interese fraseolóxico, Miletić (2018) marca o seu traballo sobre a ensinanza de refráns en alemán como lingua estranxeira con palabra clave *fraseodidáctica*.

2.2.3. Paremiotradución

Ó igual que *fraseotradución*, en croata non se fala de *paremiotradución*, senón de «tradución de paremias» (Matulina 1998), sen ser considerada unha subdisciplina de paremioloxía.

⁶ v. apartado 2.1.2.

3. Terminoloxía fraseolóxica

Tal e como afirman Parizoska e Stanojević (2018: 612–613), para o obxecto de estudo de fraseoloxía croata nos primeiros traballos utilizábase o termo *frazeologizam* ‘fraseoloxismo’, tomado da escola fraseolóxica rusa, mentres que nos traballos recentes case exclusivamente se utiliza o termo *frazem* ‘frasema’, por analoxía con outras unidades da linguaxe (*fonem, morfem, leksem*). Os autores tamén afirman que os termos moitas veces dependen no só da tradición da que foron adoptados, senón do enfoque, polo que na lingüística computacional predomina o termo *višerječni izraz* ‘expresión pluriverbal’, tomado do inglés *multiword expresión*, mentres que na lingüística cognitiva utilízase o termo *konstrukcija* ‘construción’. Neste apartado analizaranse os termos para as unidades fraseolóxicas máis utilizadas coas súas correspondentes definicións.

3.1. Unidades fraseolóxicas

Cando se fala da unidade fraseolóxica na fraseoloxía croata, establécense dous límites, un inferior e outro superior. Como límite inferior dun frasema (cro. *frazem*) considérase a *palabra fonética*, que consta dunha unidade entoativa formada por unha palabra autónoma, portadora de acento e unha ou máis palabras átonas (p. ex. *s nogu* ‘de pé, á rápida’, *ko bog* ‘como Deus’. Por outra parte, o límite superior da unidade fraseolóxica é o seu carácter sintagmático, é dicir, os enunciados fraseolóxicos (incluídas as paremias) non se consideran fraseoloxismos. Aínda que chamados *rečenični frazem* ‘fraseoloxismos oracionais’, trátase xeralmente de locucións clausais ou semioracionais (p. ex. *ne pasti kome kruna s glave* [non se lle cae a coroa da cabeza a alguén] ‘non se lle caen os dentes a alguén’) ou, incluso, fórmulas (*Bog mi je svjedok* [Deus é a miña testemuña] ‘xúrocho por Deus’, ‘poño a Deus por testemuña’).

Polo tanto, as unidades fraseolóxicas por excelencia dentro da fraseoloxía croata están representadas polas locucións. Aquí cabe destacar que as locucións a nivel formal clasifícanse segundo o criterio morfolóxico, polo que se fala de locucións nominais (cro. *imenski frazem*), locucións verbais (cro. *glagolski frazem*), locucións adxectivas (cro. *pridjevski frazem*), locucións adverbiais (cro. *priložni frazem*) e locucións pronominais (cro. *zamjenički frazem*). Debido á tipoloxía do idioma croata, así como ó criterio de idiomaticidade, non existen locucións preposicionais (p. ex. detrás de, cro. *iza*; a carón de, cro. *pored, pokraj*) nin as locucións conxuntivas (con todo, cro. *ipak*), xa que estas clases de palabras, aínda que sexan compostas, non se consideran fraseoloxismos. En canto ás locucións marcadoras e os marcadores discursivos, na lingüística croata estúdanse no campo da pragmática, non da fraseoloxía.

Por mor dos cambios que durante a historia da lingua croata xurdiron nas modificacións da súa ortografía, tamén cómpre resaltar os compostos fraseolóxicos, que desaparecen das investigacións porque xa non cumpren o criterio de pluriverbalidade e dentro da

lexicoloxía estúdanse como compostos de orixe fraseolóxica. Para eles utilízase o termo *fraseološka sraslica* ‘fusión fraseolóxica’ que formal, aínda que non semanticamente, coincide con *фразеологическое сращение* de Vinogradov (Kovačević e Ramadanović 2013, Parizoska e Stanojević 2018).

Segundo o tipo de fraseoloxismos que teñen denominación terminolóxica en croata, destacan os estudos de comparacións estereotipadas (cro. *poredbenifrazem* ‘fraseoloxismo comparado’), zoomorfismos fraseolóxicos (cro. *animalistički frazem* ‘fraseoloxismo zoomórfico’), fraseoloxismos somáticos (cro. *somatski frazem*) e frasesas bíblicas (cro. *biblijski frazem*).

Así mesmo, a base *STRUNA* rexistra tres termos acuñados por Vinogradov: a xa mencionada *fraseološka sraslica* (‘fusión fraseolóxica’, rus. *фразеологические сращения*), *fraseološka sveza* (‘combinación fraseolóxica’, rus. *фразеологические сочетания*) e *fraseološka cjelina* (‘unidade fraseolóxica’, rus. *фразеологические единства*), ademais do termo *frazeoshema*, ‘fraseoesquema’, pouco tratado na fraseoloxía croata.

3.2. Colocacións

Como se dixo anteriormente, as colocacións no ámbito croata non se consideran obxecto dos estudos fraseolóxicos. As investigacións sobre colocacións (cro. *kolokacija*) inicianse no seo da lexicoloxía, a finais do s. XX, aínda que Simeon xa en 1969 ofrece unha das primeiras definicións: «unidade de palabras condicionada de modo léxico-semántico como resultado da súa polisemia» (Simeon 1969 I: 673). Por outra parte, o anglista Ivir defínea tal e como segue: «colocación, do latín *com* ‘xuntos’ e *locare* ‘ubicar’, isto é xustaposición ou combinación de palabras en cadea sintagmática», afirmando que «as palabras entran en colocación co seu significado prototípico ou nuclear, que dentro da colocación transfórmase en significado concreto ou específico, favorecido ou permitido por un colocado concreto» (1992–1993: 181ff). Os autores posteriores (Borić 2008, Petrović 2006, 2008; Blagus Bartolec 2012, Borić 2012, Stojić e Murica 2010, Stojić 2012, entre outros) desenvolven o concepto de *colocación* e céntranse na vinculación semántica entre os compoñentes da unidade. Stojić e Murica afirman que a noción de *colocación* na lingüística croata basease en dous criterios: a frecuencia de agrupación de lexemas no sintagma e o potencial semántico dos compoñentes desa unidade (2010: 112). Cabe destacar que estas investigacións non se consideran fraseolóxicas, aínda que algunhas colocacións si aparecen en fontes fraseográficas citadas antes. Ultimamente, en grandes proxectos lexicográficos monolingües do croata comezan a distinguirse as colocacións das locucións, pero a fraseoloxía croata carece de clasificación precisa entre estas dúas esferas da fraseoloxía.

3.3. Unidades paremiolóxicas

O termo croata por excelencia referido ás unidades paremiolóxicas é *poslovica* ‘refrán’, aínda que algúns autores utilizan o termo *paremija* (‘paremia’), a veces como hiperónimo que abarca todas as unidades paremiolóxicas (Dragić 2015) e tamén como sinónimo do termo *poslovica* (Matulina 1998). Nos traballos folclóricos tamén se fala de *mudre izreke* ‘ditos sabios’, aínda que este termo non está recoñecido nas investigacións paremiolóxicas. A paremioloxía croata, ó igual que outras tradicións, non distingue os termos *refrán* e *proverbio*, polo que os proverbios bíblicos tamén reciben o nome *biblijske poslovice* ‘refráns bíblicos’ (Mikić e Suzanić 1994).

Tal e como se explicou anteriormente, a paremioloxía en Croacia non se considera unha disciplina puramente lingüística, o que provén da definición de refrán proposta por Kekez (1984, 1996), quen a considera xénero de literatura oral: «forma independente de literatura oral creada polos seus propios criterios, estética e interpretación particular», mentres que Čubelić (1957, 9) destaca a súa brevidade, concisión e o seu xuízo formulado a través da experiencia.

No prólogo do *Kontrastivni rječnik poslovica* [Diccionario contrastivo de refráns] (Mikić e Škara 1992), os autores definen o refrán como «miniaturas expresadas de xeito simple e pintoresco, moitas veces expresada en forma de fórmula, e que para comprendelas precisase coñecer o contexto». Todos os paremiólogos mencionan características dos refráns como a frecuencia de uso, economicidade, estrutura sintáctica e estilística específica, metaforicidade, concisión, a súa aparición noutras linguas etc. Mentres que Mikić e Škara (1992) intentan propor definicións de varios termos paremiolóxicos citados nos glosarios (*aforizam, epigram, izreka, krilatice, maksima, sentencija, uzrečica*) que aquí non se elaborarán con máis detalle, tendo en conta non só o límite do presente traballo senón tamén o feito de que os mesmos autores insisten que debido á «transformación paremiolóxica» a distinción e a precisa clasificación dos distintos tipos de paremias resulta moi difícil (Mikić e Škara 1992; IX).

4. Conclusións

Se se observan os glosarios de español e galego, que se ofrecen no apéndice, ambos teñen unha recompilación case idéntica, agás porque o español inclúe *colocación compleja, locución mixta* e *locución encadenada*, tres termos para os que o galego responde con só un: *colocación complexa*. Isto é debido a que en español existen diversas nomenclaturas con termos que non tiveron o suficiente eco na fraseoloxía galega como para acabar sendo importados.

Atendendo á lingua principal deste traballo, o croata, vese que non ofrece correspondente para oito termos dalgunha das outras linguas: *colocación complexa, dialoxismo, cita sentenciosa, locución conxuntiva, locución encadenada, locución mixta, locución prepositiva, paremioididáctica*. Algunhas destas lagoas débense á tipoloxía da lingua

croata, como se indica coas locucións no apartado 3.1. e outras á perspectiva da fraseoloxía que se adopta no ámbito croata, como sucede con, por exemplo, locución prepositiva, colocación complexa ou paremioididáctica.

Os 40 termos que se recolleron para o glosario croata teñen equivalente en galego e español. Neste sentido, non se aprecian lagoas terminolóxicas dende o croata ás outras linguas. Aínda que cabe destacar que o tratamento ou a concepción que se ten de algúns termos difire na lingua eslava. Son casos como, por exemplo, o de *frazeografija* (2.1.1.) ou *paremiografija* (2.2.1). Se ben se pode establecer a equivalencia cos seus correspondentes en galego e español (*fraseografía*, *paremiografía*) porque fan referencia á mesma idea ou semellante, a perspectiva dende a que se abordan en croata mais os seus procedementos poden diferir.

En conclusión, os termos, o seu uso e concepción son similares e as diferenzas principais danse alá onde discrepan as bases teóricas nas que se fundamentan ou nos distintos puntos de vista que adoptan determinados autores non só entre as linguas, senón tamén dentro de cada unha. En cambio, os baleiros ou lagoas que poida presentar algún glosario tamén poden ter que ver con cuestións relacionadas coa propia tipoloxía da lingua.

Apéndice: Glosarios de termos metafraseolóxicos

O apéndice do presente traballo consta de tres glosarios básicos trilingües, croata-galego-español, español-galego-croata e galego-español-croata, que conteñen termos metafraseolóxicos indicados en orde alfabética, en cada unha das linguas de partida, cos seus respectivos equivalentes nas linguas meta.

Os equivalentes parciais indícanse entre corchetes, xunto coas súas traducións literais a galego entre parénteses. Ademais, no glosario croata-español-galego non se inclúen os termos non fixados na fraseoloxía croata.

O glosario español-galego-croata conta con 54 termos, o galego-español-croata ten 52, mentres que o croata-galego-español alberga 40 conceptos.

Apéndice 1. Glosario croata – galego – español

1. C. aforizam | G. aforismo | E. aforismo
2. C. animalistički frazem | G. zoomorfismo fraseolóxico | E. zoomorfismo fraseolóxico
3. C. antiposlovica | G. contrarrefrán, antiproverbio | E. contrarrefrán, antiproverbio
4. C. deviza | G. lema, divisa | E. lema, divisa
5. C. formula | G. fórmula | E. fórmula
6. C. frazem | G. frasema, fraseoloxismo, unidade fraseolóxica, locución | E. frasema, fraseologismo, unidade fraseolóxica, locución
7. C. frazeodidaktika | G. fraseodidáctica | E. fraseodidáctica
8. C. frazeografija | G. fraseografía | E. fraseografía

9. C. frazeologija | G. fraseoloxía | E. fraseología
10. C. frazeološka jedinica | G. unidade fraseolóxica | E. unidad fraseolóxica
11. C. frazeološka cjelina (en desuso) | G. unidade fraseolóxica | E. unidad fraseolóxica
12. C. frazeološka sraslica | G. fusión fraseolóxica | E. fusión fraseolóxica
13. C. frazeološka sveza | G. combinación fraseolóxica | E. combinación fraseolóxica
14. C. frazeoshema | G. fraseoesquema | E. fraseoesquema
15. C. frazeostilistika | G. fraseoestilística | E. fraseoestilística
16. C. glagolska kolokacija | G. colocación con verbo soporte | E. colocación con verbo soporte
17. C. glagolski frazem | G. locución verbal | E. locución verbal
18. C. imenski frazem | G. locución nominal | E. locución nominal
19. C. izreka | G. frase proverbial | E. frase proverbial
20. C. kolokacija | G. colocación | E. colocación
21. C. kontrastivna frazeologija | G. fraseoloxía contrastiva | E. fraseología contrastiva
22. C. krilatica | G. cita non sentenciosa | E. cita no sentenciosa
23. C. maksima | G. máxima | E. máxima
24. C. onimijski frazem | G. construción onímica | E. construción onímica
25. C. paremija | G. paremia | E. paremija
26. C. paremiografija | G. paremiografia | E. paremiografia
27. C. paremiologija | G. paremioloxía | E. paremiología
28. C. poredbena frazeologija | G. fraseoloxía contrastiva | E. fraseología contrastiva
29. C. poredbeni frazem | G. comparación estereotipada | E. comparación estereotipada
30. C. poslovenica | G. refrán, proverbio | E. refrán, proverbio
31. C. pridjevski frazem | G. locución adxectival | E. locución adxectival
32. C. priložni frazem | G. locución adverbial | E. locución adverbial
33. C. rečnični frazem | G. locución clausal | E. locución clausal
34. C. sentencija | G. sentenza | E. sentenza
35. C. somatski frazem | G. fraseoloxismo somático | E. fraseologismo somático
36. C. šira frazeologija | G. fraseoloxía en sentido amplo | E. fraseología en sentido amplo
37. C. uža frazeologija | G. fraseoloxía en sentido estreito | E. fraseología en sentido estreito
38. C. velerizam | G. wellerismo | E. wellerismo
39. C. višerječnica | G. unidad pluriverbal | E. unidad pluriverbal
40. C. zamjenički frazem | G. locución pronominal | E. locución pronominal

Apéndice 2. Glosario español – galego – croata

1. E. aforismo | G. aforismo | C. aforizam
2. E. antiproverbio | G. antiproverbio | C. antiposlovica
3. E. cita no sentenciosa | G. cita non sentenciosa | C. krilatica
4. E. cita sentenciosa | G. cita sentenciosa | C. Ø
5. E. colocación | G. colocación | C. kolokacija
6. E. colocación compleja | G. colocación complexa | C. Ø
7. E. colocación con verbo soporte | G. colocación con verbo soporte | C. glagolska

- kolokacija [colocación verbal]
8. E. combinación fraseolóxica | G. combinación fraseolóxica | C. frazeološka sveza
 9. E. comparación estereotipada | G. comparación estereotipada | C. poredbeni frazem [fraseoloxismo comparativo]
 10. E. construción onímica | G. construción onímica | C. onimijski frazem
 11. E. contrarrefrán | G. contrarrefrán | C. antiposlovia
 12. E. dialogismo | G. dialoxismo | C. Ø
 13. E. divisa | G. divisa, lema | C. deviza
 14. E. eslogan | G. slogan | C. slogan, moto, parola
 15. E. fórmula | G. fórmula | C. formula
 16. E. frase proverbial | G. frase proverbial | C. izreka
 17. E. frasema | G. frasema | C. frazem
 18. E. fraseodidáctica | G. fraseodidáctica | C. frazeodidaktika
 19. E. fraseoesquema | G. fraseoesquema | C. frazeoshema
 20. E. fraseostilística | G. fraseostilística | C. frazeostilistika
 21. E. fraseografía | G. fraseografía | C. frazeografija
 22. E. fraseología | G. fraseoloxía | C. frazeologija
 23. E. fraseología contrastiva | G. fraseoloxía contrastiva | C. poredbena frazeologija, kontrastivna frazeologija
 24. E. fraseología en sentido amplo | G. fraseoloxía en sentido amplo | C. šira frazeologija
 25. E. fraseología en sentido estrecho | G. fraseoloxía en sentido estreito | C. uža frazeologija
 26. E. fraseologismo | G. fraseoloxismo | C. frazem
 27. E. fraseologismo somático | G. fraseoloxismo somático | C. somatski frazem
 28. E. fraseotérmino | G. fraseotermo | C. frazeotermin
 29. E. fraseotraducción | G. fraseotraducción | C. prevođenje frazema [traducción de fraseoloxismos]
 30. E. fusión fraseolóxica | G. fusión fraseolóxica | C. frazeološka sraslica
 31. E. lema | G. lema | C. deviza
 32. E. locución | G. unidade fraseolóxica, locución | C. frazem, frazeološka cjelina
 33. E. locución adjetival | G. locución adxectival | C. pridjevski frazem
 34. E. locución adverbial | G. locución adverbial | C. priložni frazem
 35. E. locución clausal | G. locución clausal | C. rečenični frazem
 36. E. locución conjuntiva | G. locución conxuntiva | C. Ø
 37. E. locución encadenada | G. colocación complexa | C. Ø
 38. E. locución mixta | G. colocación complexa | C. Ø
 39. E. locución nominal | G. locución nominal | C. imenski frazem
 40. E. locución prepositiva | G. locución prepositiva | C. Ø
 41. E. locución pronominal | G. locución pronominal | C. zamjenički frazem
 42. E. locución verbal | G. locución verbal | C. glagolski frazem
 43. E. máxima | G. máxima | C. maksima
 44. E. paremia | G. paremia | C. paremija
 45. E. paremioididáctica | G. paremioididáctica | C. Ø
 46. E. paremiografía | G. paremiografía | C. paremiografija
 47. E. paremiología | G. paremioloxía | C. paremiologija

48. E. paremiotraducción | G. paremiotradución | C. prevođenje poslovice [traducción de paremias]
49. E. proverbio | G. proverbio | C. poslovice
50. E. refrán | G. refrán | C. poslovice
51. E. sentencia | G. sentenza | C. sentencija
52. E. unidad fraseológica | G. unidade fraseolóxica | C. frazem, frazeološka cjelina
53. E. wellerismo | G. wellerismo | C. velerizam
54. E. zoomorfismo fraseológico | G. zoomorfismo fraseolóxico | C. animalistički frazem

Apéndice 3. Glosario galego – español – croata

1. G. aforismo | E. aforismo | C. aforizam
2. G. antiproverbio | E. antiproverbio | C. antiposlovice
3. G. cita non sentenciosa | E. cita no sentenciosa | C. krilatica
4. G. cita sentenciosa | E. cita sentenciosa | C. Ø
5. G. colocación | E. colocación | C. kolokacija
6. G. colocación complexa | E. locución encadenada, locución mixta, colocación compleja | C. Ø
7. G. colocación con verbo soporte | E. colocación con verbo soporte | C. glagolska kolokacija [colocación verbal]
8. G. combinación fraseológica | E. combinación fraseológica | C. frazeološka sveza
9. G. comparación estereotipada | E. comparación estereotipada | C. poredbeni frazem [fraseoloxismo comparativo]
10. G. construcción onímica | E. construcción onímica | C. onimijski frazem
11. G. contrarrefrán | E. contrarrefrán | C. antiposlovice
12. G. dialoxismo | E. dialogismo | C. Ø
13. G. divisa | E. divisa, lema | C. Ø
14. G. fórmula | E. fórmula | C. formula
15. G. frase proverbial | E. frase proverbial | C. izreka
16. G. frasea | E. frasea | C. frazem
17. G. fraseodidáctica | E. fraseodidáctica | C. frazeodidaktika
18. G. fraseoesquema | E. fraseoesquema | C. frazeoshema
19. G. fraseoestilística | E. fraseoestilística | C. frazeostilistika
20. G. fraseografía | E. fraseografía | C. frazeografija
21. G. fraseoloxía | E. fraseología | C. frazeologija
22. G. fraseoloxía contrastiva | E. fraseología contrastiva | C. poredbena frazeologija, kontrastivna frazeologija
23. G. fraseoloxía en sentido amplo | E. fraseología en sentido amplio | C. šira frazeologija
24. G. fraseoloxía en sentido estreito | E. fraseología en sentido estrecho | C. uža frazeologija
25. G. fraseoloxismo | E. fraseologismo | C. frazem
26. G. fraseoloxismo somático | E. fraseologismo somático | C. somatski frazem
27. G. fraseotermo | E. fraseotérmino | C. frazeotermin
28. G. fraseotradución | E. fraseotraducción | C. prevođenje frazema [traducción de fraseoloxismos]

29. G. fusión fraseolóxica | E. fusión fraseolóxica | C. frazeološka sraslica
30. G. lema | E. lema, divisa | C. deviza
31. G. locución | E. locución | C. frazem, frazeološka cjelina
32. G. locución adverbial | E. locución adverbial | C. priložni frazem
33. G. locución adxectival | E. locución adjetival | C. pridjevski frazem
34. G. locución clausal | E. locución clausal | C. rečenični frazem
35. G. locución conxuntiva | E. locución conjuntiva | C. Ø
36. G. locución nominal | E. locución nominal | C. imenski frazem
37. G. locución prepositiva | E. locución prepositiva | C. Ø
38. G. locución pronominal | E. locución pronominal | C. zamjenički frazem
39. G. locución verbal | E. locución verbal | C. glagolski frazem
40. G. máxima | E. máxima | C. maksima
41. G. paremia | E. paremia | C. paremija
42. G. paremioididáctica | E. paremioididáctica | C. Ø
43. G. paremiografía | E. paremiografía | C. paremiografija
44. G. paremioloxía | E. paremiología | C. paremiologija
45. G. paremiotradución | E. paremiotraducción | C. prevođenje poslovice [traducción de paremias]
46. G. proverbio | E. proverbio | C. poslovice
47. G. refrán | E. refrán | C. poslovice
48. G. sentenza | E. sentencia | C. sentencija
49. G. slogan | E. eslogan | C. slogan, moto, parola
50. G. unidade fraseolóxica | E. unidad fraseolóxica, fraseologismo, frasema locución | C. frazem, frazeološka cjelina
51. G. wellerismo | E. wellerismo | C. velerizam
52. G. zoomorfismo fraseolóxico | E. zoomorfismo fraseolóxico | C. animalistički frazem

5. Referencias bibliográficas

- Barčot, B. (2015). O stilističkoj obojenosti hrvatskih frazema s historizmom ili arhaizmom kao sastavnicom. En A. Ryznar, *Svijet stila, stanja stilistike* (s. p.). stilistika.org; Filozofski fakultet Sveučilišta u Zagrebu. <https://stilistika.org/barcot>
- Barčot, B. e Milčić. T. (2019). Arijadnina nit u ovladavanju frazemima na nastavi materinskoga i stranoga jezika – kvantitativno obrađeni podaci (prvi dio studije). *Filološke studije, XVII*(1), 292–304.
- Blagus Bartolec, G. (2012). Kolokacijske sveze prema drugim leksičkim svezama u hrvatskom jeziku. *Fluminensia, 24*, 47–59.
- Borić, N. (2008). Semantički aspekt kolokacijskih odnosa s kontrastivnog stajališta. *Strani jezici, 27*(2), 72–79.
- Borić, N. (2012). Leksikografska prezentacija kolokacijskih sklopova. *Strani jezici, 31*(1/2), 56–63.
- Corpas Pastor, G. (1996). *Manual de fraseología española*. Gredos.
- Čubelić, T. (1988). *Povijest i historija usmene narodne književnosti*. Ante Pelivan i Danica Pelivan.

- Dragić, Marko (2015). Stolačka i neumaska suvremena paremiografija. En Ž. Raguž (Ed.), *Stolačko proljeće, Godišnjak za povijest i kulturu* (pp. 111–127). Matica hrvatska.
- Filipović Petrović, I. (2018). *Kad se sretnu leksikografija i frazeologija*. Srednja Europa.
- Fink-Arsovski, Ž. (2002). *Poredbena frazeologija: pogled izvana i iznutra*. FF press.
- Fink-Arsovski, Ž. (2006). *Hrvatsko-slavenski rječnik poredbenih frazema*. Knjigra.
- Fink-Arsovski, Ž. (2016). *Hrvatsko-romansko-germanski rječnik poredbenih frazema*. Knjigra.
- González Rey, M. I. (2012). De la didáctica de la fraseología a la fraseodidáctica. *Paremia*, 21, 67–84.
- Hrnjak, A. e Ribarova, S. (2019). Didaktički potencijal vizualne prezentacije frazema u poučavanju frazeologije. En Ž. Macan (Ed.), *SLAVOFRAZ 2018: Frazeologija, učenje i poučavanje* (pp. 83–100). Sveučilište u Rijeci, Filozofski fakultet.
- Ivir, V. (1992-1993). Kolokacije i leksičko značenje. *Filologija*, 20/21, 181–189.
- Kekez, J. (1984). *Poslovice i njima srodni oblici*. Zavod za znanost o književnosti.
- Kekez, J. (1996). *Poslovice, zagonetke i govornički oblici*. Matica hrvatska
- Kos, M. (2003). Važnost poslovia u nastavi engleskog jezika. *Strani jezici*, 32(3), 189–193.
- Kovačević, B. e Ramadanović, E. (2013). Frazemske polusloženice (od rječnika preko tvorbe do pravopisa i obratno). *Rasprave*, 39/1, 271–291.
- Kühn, P. (1992). Phraseodidaktik: Entwicklungen, Probleme und Ueberlegungen fuer den Muttersprachenunterricht un den Unterricht DaF. *Fremdsprachen lernen und lehren*, 21, 169–189.
- Lončar, I. (2016). Algunos problemas de la fraseología contrastiva: el caso de las comparaciones estereotipadas en croata y en español. En E. Dal Maso, C. Navarro (Eds.), *Gutta cavat lapidem: Indagini fraseologiche e paremiologiche* (pp. 377–396). Universitas Studiorum.
- Macan, Ž. (Ed.) (2019). *Slavofraz 2018: Frazeologija, učenje i poučavanje*. Sveučilište u Rijeci, Filozofski fakultet.
- Matulina, Ž. (1998). Obrada paremije u dvojezičnom rječniku. *Filologija*, 30-31, 249–260.
- Menac, A. (1994). Frazeologija u različitim tipovima jednojezičnih hrvatskih rječnika. *Filologija*, 22-23, 161–168.
- Menac, A. (2007). *Hrvatska frazeologija*. Knjigra.
- Mikić, P. (1987). Zur Kontrastierung von Sprichwörten. *Radovi. Razdio filoloških znanosti*, 26(16), 137–149.
- Mikulić, G. (1991). O razumijevanju poslovia. *Studia ethnologica Croatica*, 3(1), 145–159.
- Miletić, N. (2018). Poslovice kao predmet poučavanja u udžbenicima njemačkog kao stranog jezika u hrvatskoj. *Jezikoslovlje*, 19(2), 289–302.
- Pamies Bertrán, A. (2019). La fraseología a través de su terminología. En J.J. Martín Ríos (Ed.), *Estudios lingüísticos y culturales sobre China* (pp. 105–34). Comares.
- Parizoska, J. e Stanojević, M. (2018). Problemi frazeološkog nazivlja. *Rasprave* 44/2, 611–625.
- Penadés Martínez, I. (2012/2013). La fraseología y su objeto de estudio. *Linred: Lingüística en la Red*, 10. Disponible en: https://ebuah.uah.es/dspace/bitstream/handle/10017/24039/Fraseologia_Penades_LR_2013_11.pdf?sequence=1&isAllowed=y

- Petrović, B. (2006). Razvijanje kolokacijske kompetencije u hrvatskome kao stranom i drugom jeziku. *Strani jezici*, 36(1), 31–38.
- Petrović, B. (2008). Glagoli emocionalnih stanja u kolokacijskim strukturama ileksikografskom opisu. En I. Srdoč-Konestra e S. Vranić (Eds.), *Riječki filološki dani: Zbornik radova sa 7. međunarodnoga znanstvenog skupa Riječki filološki dani* (pp. 589–599). Filozofski fakultet Rijeka.
- Rogošić, A. (2022). Prevođenje frazema i frazemskih modifikacija u sinkronizaciji animiranih filmova. En M. Glušac e A. Mikić Čolić (Eds.), *Jezik u digitalnom okruženju. Zbornik radova s međunarodnog znanstvenog skupa Hrvatskog društva za primijenjenu lingvistiku* (pp. 61–79). HDPL.
- Stojić, A. (2012). *Kolokacije: prilog teoriji i praksi*. Filozofski fakultet Rijeka.
- Stojić, A., Murica S. (2010). Kolokacije: teorijska razmatranja i primjena u praksi na primjerima iz hrvatskoga i njemačkoga jezika. *Fluminensia*, 2, 111–125.
- Suárez Cuadros, S. J. (2017). La escuela soviética y sus aportaciones a la fraseología. *Interlingüística*, 17, 999–1008.
- Tristá Pérez, Antonia M.^a (1998). La fraseografía y el Diccionario de fraseología cubana. En M.^a T. Fuentes Morán e R. Werner (Eds.), *Lexicografías iberorrománicas: problemas, propuestas y proyectos* (pp. 169–183). Iberoamericana.
- Vidović Bolt, I. (2013). *O mogućnostima poučavanja i usvajanja hrvatskih frazema, Prvi, drugi, strani jezik: hrvatsko-makedonske usporedbe*. Hrvatsko filološko društvo.
- Vidović Bolt, I. (2019). Frazemi – prevoditeljski kamen spoticanja. En Ž. Macan (Ed.), *Slavofraz 2018: Frazeologija, učenje i poučavanje* (pp. 345–360). Sveučilište u Rijeci, Filozofski fakultet.
- Vidović Bolt, I. (2022). Frazeodidaktički postupci u hrvatskom kao inom. En I. Marković, I. Nazalević Čučević, e I. M. Gligorić (Eds.), *Riječi o riječi i Riječi: zbornik u čast Zrinki Jelaska* (pp. 395–405). Disput.
- Visinko, K. (2018). *Zvona zvone jer su potezana: primjena poslovice u nastavi hrvatskoga jezika, jezičnoga izražavanja i književnosti*. Profil Klett.

5.1. Dicionarios, refraneiros e outros recursos

- Botica, S. (2007). *Kad ti kuća gori, a ti se ogrij. Zbirka poslovice Bartula Matijace*. Naklada Pavičić, Napredak.
- Čelan Gaganić, A. (2007). *Pučke izreke o vremenu*. Imotski.
- Čubelić, T. (1957). *Narodne poslovice i zagonetke*. Školska knjiga.
- Čubelić, T. (1975). *Usmene narodne poslovice, pitalice i zagonetke*. Sveučilišna naklada Liber.
- Filipčić, S. (2009). *Hrvatske narodne poslovice*. Slovo i.t.o.
- Ilić Oriovčanin, L. (1846 = 1997). *Narodni slavonški običaji sabrani i popisani po Luki Iliću, Oriovčaninu*. Gradsko poglavarstvo Novske e Kod Franje Suppana kr. pov. knjigotiskara i knjigoteržca.
- Institut za hrvatski jezik i jezikoslovlje (s.f.). *STRUNA*. <http://struna.ihjj.hr/>
- Jakšić, M. (2016). *Slavonice dijalektološke i frazeološke*. Naklada Jesenski i Turk.

- Jozić, Ž., Hudeček, L., Mihaljević, M. (2012). *Hrvatski školski rječnik*. Institut za hrvatski jezik i jezikoslovlje e Školska knjiga. <https://rjecnik.hr/>
- Kekez, Josip (1990). *Svaki je kamen da se kuća gradi*. Izdavački centar Revija.
- Martínez de Sousa, J. (1996). *Diccionario de lexicografía práctica*. Bibliograf.
- Matešić, J. (1982). *Frazeološki rječnik hrvatskoga ili srpskog jezika*. Školska knjiga.
- Mikić, P. e Suzanić, V. (1994). *Biblijske poslovice u Hrvata*. Hrvatski institut za liturgijski pastoral.
- Mikić, P. e Škara, D. (1992). *Kontrastivni rječnik poslovice*. August Cesarec.
- Rajić, Z. (1995). *Poslovice o zdravlju*. Zapis.
- Sijerković, M. (1996). *Pučko vremenoslavlje*. Otvoreno sveučilište.
- Sikirica, M. (2009). *Izreke i poslovice. Paremiološki priručnik*. Matica hrvatska.
- Simeon, R. (1969). *Enciklopedijski rječnik lingvističkih naziva*. Matica hrvatska.
- Vidović Bolt, I., Barčot, B., Fink-Arsovski, Ž., Kovačević, B., Pintarić, N. e Vasung, A. (2022). *Rječnik hrvatskih animalističkih frazema*. Školska knjiga.
- Znanje e Srca (s.f.). *Hrvatski jezični portal*. <https://hjp.znanje.hr/>